

Seminario

"A Arte do século XIX"



Impartido por:

- Prof. Dr. José Ramón Soraluze, Catedrático xubilado da Escola Técnica Superior de Arquitectura da UDC

Descrición:

Durante o século XIX produciuse un dos avances máis importantes da historia da humanidade ata ese momento. O proceso de construción das novas nacións europeas deu lugar a unha arte que exaltaba os ideais de liberdade, cunha pintura en constante renovación técnica e unha arquitectura baseada na mestura libre de estilos e elementos decorativos doutras épocas. Este seminario ofrece unha introdución ás principais correntes e manifestacións artísticas do século XIX, poñendo o foco na evolución da pintura e da arquitectura no contexto europeo.

Obxectivos:

- Comprender o papel das artes na construción simbólica das novas nacións europeas.
- Coñecer os principais movementos artísticos do século XIX, especialmente o Eclecticismo e o Romanticismo.
- Analizar o impacto da Revolución Industrial na arquitectura a través do uso de novos materiais como o ferro e o vidro.
- Identificar as achegas do Impresionismo e Posimpresionismo na evolución da pintura moderna.

Contidos:

1. A pintura en Europa: o Romanticismo como expresión da liberdade.
2. A Arquitectura Ecléctica: recuperación e reinterpretación de estilos históricos.
3. A incorporación do ferro na arquitectura europea e a Escola de Chicago.
4. O nacemento da pintura moderna: Impresionismo e Posimpresionismo.

Metodoloxía:

O seminario desenvolverase en catro sesións de dúas horas de duración, cun formato teórico-práctico. As sesións incluírán exposicións orais ilustradas con imaxes, acompañadas de análise conxunta e debate co alumnado. O enfoque participativo permitirá aos asistentes expresar as súas impresións e reflexionar sobre as transformacións culturais e estéticas do século XIX.

Calendario e horario

Catro sesións de dúas horas (**de 11 a 13 horas**), os **días 15, 22 e 29 de xaneiro, e 5 de febreiro de 2026**, nas instalacións da **Universidade Sénior** en Normal (Paseo de Ronda, 47) da Coruña .

Inscrición e matrícula

As prazas son limitadas e serán asignadas por rigorosa orde de inscrición. A inscrición só poderá realizarse mediante formulario electrónico, **do 19 de decembro de 2025 ao 12 de xaneiro de 2026**, a través da páxina web: www.udc.gal/senior. Máis información: **Secretaría da Universidade Sénior** (Tlf. 881014507 – secretaria.senior.coruna@udc.es)